PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: APROBACIÓN ORZAMENTOS 2026 E PROGRAMA DE ACTUACIÓN PLURIANUAL 2026-2028 DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL

EXPTE. GESTDOC.: 2060/2026

ANTECEDENTES

Desde a Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL (en diante Augas de Ames) Local (EPEL), e en cumprimento do artigo 17 dos estatutos de Augas de Ames EPEL, estanse a elaborar os orzamentos estimativos de explotación e capital do exercicio 2026 que detallen os recursos e dotacións previstos, co contido e forma que estableza en cada momento a normativa en materia de réxime local.
Os orzamentos de explotación e de capital 2026 estarán constituídos por unha previsión da conta de resultados e do estado de fluxos de efectivo do correspondente exercicio. Como anexo aos devanditos orzamentos acompañarase unha previsión do balance da entidade, así como a documentación complementaria que determine o Concello, entre a que estará, necesariamente, o persoal co detalle das retribucións previstas.

Dentro destes orzamentos 2026 inclúese o Cadro de Persoal 2026 da entidade coas súas retribucións correspondentes, postos de traballo, categorías profesionais, tipo de persoal, e demais determinación estruturais relativas ao persoal ao servizo da entidade. Dito cadro levouse previamente á Mesa Xeral de Negociación o 3 de febreiro de 2026.

Así mesmo o artigo 17 establece que a entidade formulará anualmente un Programa de actuación plurianual que estará integrado polos estados financeiros indicados anteriormente e reflectirá os datos económico-financeiros previstos para o exercicio relativo ao proxecto de Orzamento Xeral do Concello e aos dous exercicios inmediatamente seguintes, segundo as liñas estratéxicas e obxectivos definidos para a entidade.

NOME: GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
POSTO DE TRABALLO: Presidente Augas de Ames EPEL
DATA DE SINATURA: 06/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F76A3A24BE4F93429F

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la sede electrónica municipal

O Programa de actuación plurianual acompañarase da información de carácter complementario seguinte:

- Hipótese da evolución dos principais indicadores macroeconómicos que servisen de base para a elaboración dos programas de actuación plurianual.
- Premisas principais da formulación que conforme as liñas estratéxicas da entidade.
- Previsións plurianuais dos obxectivos para alcanzar.
- Memoria das principais actuacións da entidade.
- Programa de investimentos.
- Plan financeiro do período que cuantificará os recursos e as fontes externas de financiamento.
- A restante documentación que determine o Pleno da Corporación.

De acordo co disposto no artigo 15 dos estatutos da Entidade Pública Empresarial segundo o cal é atribución do Consello de Administración aprobar e remitir ao Concello de Ames, antes do 1 de setembro, as previsións de estados e ingresos, e os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento para o exercicio seguinte.

Visto o anterior preséntase ao Consello de Administración:

1.- O Orzamento para o exercicio 2026 da entidade Augas de Ames EPEL constituídos por unha previsión da conta de resultados e do estado de fluxos de efectivo do correspondente exercicio. Como anexo aos devanditos orzamentos acompañarase unha previsión de balance da entidade e o cadro do persoal, co detalle das retribucións previstas.

2.- O Programa de actuación plurianual para os exercicios 2026 a 2028.

Por todo o exposto, esta Presidencia, PROPÓN ao Consello de Administración a adopción dos seguintes ACORDOS nos termos que figuran no expediente e de conformidade coa normativa vixente:

PRIMEIRO. – Aprobar e remitir ao Concello de Ames para a súa aprobación definitiva, o orzamento da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL para o exercicio 2026, co seguinte contido:

- Previsión da conta de resultados.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Balance da entidade.
- Anexo co cadro do persoal.

NOME: GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
POSTO DE TRABALLO: Presidente Augas de Ames EPEL
DATA DE SINATURA: 06/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F76A3A24BE4F93429F

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

SEGUNDO. – Aprobar e remitir ao Concello de Ames para a súa aprobación definitiva o Programa de actuación plurianual para os exercicios 2026 a 2028, co seguinte contido:

- Hipótese da evolución dos principais indicadores macroeconómicos que servisen de base para a elaboración dos programas de actuación plurianual.
- Premisas principais da formulación que conforme as liñas estratéxicas da entidade.
- Previsións plurianuais dos obxectivos para alcanzar.
- Memoria das principais actuacións da entidade.
- Programa de investimentos.
- Plan financeiro do período que cuantificará os recursos e as fontes externas de financiamento.
- A restante documentación que determine o Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- Facultar ao presidente e á xerente de Augas de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para mellor execución do acordado nos puntos anteriores.

Ames, na data da sinatura dixital

José Blas García Piñeiro
Presidente da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL

NOME: GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
POSTO DE TRABALLO: Presidente Augas de Ames EPEL
DATA DE SINATURA: 06/02/2026
HASH DO CERTIFICADO: 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F76A3A24BE4F93429F